



**A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA PRESENTA O DOCUMENTAL *GALEG@S UNIVERSAIS. HISTORIAS DO MAR* DO REALIZADOR LUKAS SANTIAGO.**

O vindeiro sábado día 20 ás 20:30 horas no Teatro Principal de Pontevedra, terá lugar a estrea do documental “Galeg@s Universais. Historias do Mar”, un documental do realizador Lukas Santiago, vogal da Xunta Directiva da APDR e para o que contamos coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Pontevedra.

Trátase dun documental co que Lukas Santiago, recollendo a testemuña de catro persoas cunha vida absolutamente vencellada ao mar, quere facer unha expresa homenaxe ás xentes do mar, da Galiza mariñeira, ás xentes que deixaron as súas vidas no traballo nas nosas rías e na súa andaina polos mares dos cinco continentes. Pero tamén ás persoas maiores, das que o autor dí son un “Patrimonio da Humanidade non suficientemente valorado”. José Santiago Pazos, avó de Lukas Santiago e cunha extensa vida adicada ao marisqueo na Ría de Pontevedra, María Miranda García e María de las Nieves García Cid, que centran a súa intervención no seu traballo na Ría de Arousa, e Manuel López Souto, un mariñeiro que –en palabras do autor do documental- navegou “tódolos estreitos e anchos pasar...”, son os protagonistas das entrevistas feitas por Lukas Santiago ao longo dos anos 2006 e 2007 que agora preséntanse ao público de Pontevedra.

E xunta o autor estas entrevistas baixo o suxerente título **GALEG@S UNIVERSAIS. HISTORIAS DO MAR**, un título que se xustifica cos seus comentarios:

“Galeg@s, porque son persoas nas que desborda a sabiduría popular, que representan o espírito do pobo galego, a fala, a retranca, as lendas... Galeg@s, porque son portadores da cultura tradicional galega, rural e mariñeira, últimas testemuñas dese mundo que xa non volverá... Universais, porque son persoas anónimas, que non soen ter a palabra, pero que teñen moito que contar... e son especiais, aquí i en Australia... Universais, porque coñeceron unha época de pobreza, de carencias... na que seguen a vivir no presente a maioría dos seres humanos do mundo... Historias do mar porque son persoas do mar, desa cultura mariñeira que moldeou a alma das xentes da nosa costa durante séculos...”

Para a APDR, que agradece o apoio do Concello capitalino que fai posíbel este acto, un proxecto como o que agora abordamos, axudará sen dúbida a un mellor coñecemento do mundo do mar, das súas xentes, e a asumir a necesidade de loitar polo saneamento e recuperación das nosas rías para que, fronte a políticas industriais contaminantes e destructoras do noso medio e dun modelo sustentábel de desenvolvemento, se imponha a posta en valor da súa verdadeira vocación, a explotación racional dos seus recursos naturais.

Pola APDR,

Antón Masa, presidente